

**ARTISTAS PENSIONADOS  
POLA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DE LUGO**

**MANUEL  
LÓPEZ SALGADO**  
(1889)

**XESÚS  
RODRÍGUEZ  
CORREDOIRA**  
(1903)

**MANUEL  
CASTRO GIL**  
(1914)

**BENITO PRIETO  
COUSSENT**  
(1922)

**MARUJA MALLO**  
(1926)

**JULIA  
MINGUILLÓN  
IGLESIAS**  
(1927)

**APOLINAR  
AMIEIRO MARTÍN**  
(1927)

**ANTONIO INSUA  
BERMÚDEZ**  
(1928)

**JOSÉ  
CELA MÍGUEZ**  
(1928)

**SATURNO LOIS**  
(1933)

**GRACIANO  
FRAGA VEIGA**  
(1933)

**ALFREDO  
LÓPEZ VÁZQUEZ**  
(1935)

**ALFONSO  
LÓPEZ CANCIO**  
(1941)

**MANUEL LÓPEZ  
MONTESERÍN**  
(1941)

**JULIA ISABEL  
PERNAS BUJADOS**  
(1941)

**EDUARDO  
RODRÍGUEZ  
OSORIO**  
(1942)

**JOSÉ VICENTE  
IGLESIAS  
ESTÉBANEZ**  
(1942)

**MANUEL  
DEL RÍO CASTRO**  
(1945)

**JOSÉ MANUEL  
LÓPEZ GUNTÍN**  
(1946)

**MANUEL PÉREZ  
CORBAL**  
(1948)

**ANTONIO  
FERNÁNDEZ  
DORREGO**  
(1948)

**TINO PRADOS**  
(1951)

**BLÁS LOURÉS**  
(1951)

**TINO GRANDÍO**  
(1951)

**ÁNGEL GONZÁLEZ  
DORESTE**  
(1951)

**FRANCISCO  
GULLÓN  
CAMPOAMOR**  
(1952)

**MANUEL DE ARCE**  
(1953)

**ALEJO  
OTERO BESTEIRO**  
(1954)

**BUCIÑOS  
(MANUEL GARCÍA  
VÁZQUEZ)**  
(1956)

**D. Antonio Veiga Outeiro,**  
vicepresidente da Deputación de Lugo, e no seu nome

**D. Mario Outeiro Iglesias,**  
deputado delegado da Área de Cultura e Turismo,  
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

**Orixes Creativas**

Artistas pensionados pola Deputación de Lugo 1889-1960


que terá lugar o vindeiro xoves, 19 de febreiro de 2015,  
ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo

Praza da Soidade s/n  
Tel.: 982 242 112  
difusion@museolugo.org

Máis información:



e no sitio web: [www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)



**ORIXES  
CREATIVAS**

**Artistas pensionados  
pola Deputación de Lugo  
1889 - 1960**

— 19  
febreiro

— 12  
abril

— 2015

< Clase de colorido e composición (fragmento)

cortesía da Real Academia de BBAA de San Fernando

# ORIXES CREATIVAS

Artistas pensionados  
pola Deputación de Lugo  
1889 - 1960

No ano 1889, a Deputación de Lugo, a semellanza doutras institucións do territorio español, emprenderá unha política de promoción das artes ao concederlle a Manuel Salgado López, pintor autodidacta, a primeira bolsa para realizar estudos artísticos en Roma, onde acudían os artistas pensionados para completar a súa formación directamente das fontes clásicas.

Nesta época, o Estado e a burguesía convértese nos maiores promotores da arte impoñendo un novo gusto baseado en xéneros como o retrato, a paisaxe, os cadros de historia e o costumismo, ao mesmo tempo que o patrocinio institucional favorecerá o desenvolvemento dunha arte de acordo coas exixencias oficialistas caracterizada polo Academicismo. A este feito contribuirán en grande maneira as Exposicións Nacionais de Belas Artes sufragadas polo Estado para promover as obras dos artistas vivos.

A Real Academia de Belas Artes centralizaba a formación de pintores, debuxantes, gravadores e escultores cunha ensinanza clásica e sólida baseada, principalmente, na copia de cadros de artistas famosos, fundamentalmente do Museo do Prado, e de modelos clásicos do Museo Nacional de Reproducións Artísticas.

Nun primeiro momento, a Deputación de Lugo non estaba en condicións de consignar unha partida dedicada a pensións de modo permanente nos seus orzamentos e farao só de forma excepcional, establecendo xa a norma de que os e as artistas quedarían obrigados

Clase de anatomía artística

cortesía da Real Academia de BBAA de San Fernando



a remitirle á institución traballos realizados durante os cursos en compensación da bolsa. Estas obras de artistas como Xesús Corredoira, Manuel Castro Gil, Benito Prieto Coussent, Maruja Mallo, Julia Minguillón e Antonio Insua Bermúdez constituirían o xerme da colección de arte da nosa entidade que irá medrando coas achegas doutros vinte e tres artistas máis que serán pensionados ata o ano 1961.

Na sesión de 30 de novembro de 1928, a Comisión Provincial acorda consignar, nos seus orzamentos, unha cantidade fixa para soste seis bolsas para alumnado de Belas Artes que pretenda seguir estudos en establecementos

oficiais ou ante profesorado de recoñecida capacidade artística: tres para debuxo, pintura e gravado; unha para música; unha para canto e declamación e outra para escultura.

O día 21 de agosto de 1929, sendo presidente da Deputación de Lugo Manuel Baamonde, publícanse no *Boletín da Provincia* as primeiras bases das bolsas artísticas dirixidas a estudantes naturais desta provincia que carecesen de medios económicos, fixando a súa duración en tres anualidades. Os aspirantes deberían presentar as súas instancias acompañadas do certificado de nacemento, certificacións que acreditasen outros estudos realizados e que xustificasen aptitudes excepcionais para as artes, ademais dunha obra para comprobar a súa valía e soamente, en casos excepcionais, se lles concederían bolsas para o estranxeiro. En contrapartida, o alumnado pensionado pola Deputación de Lugo tería que xustificar os seus adiantos entregándolle á institución protectora un traballo ao remate do curso.

A partir deste momento a Deputación de Lugo fará varias convocatorias de bolsas e irá introducindo modificacións nas bases e ampliando a contía das anualidades ata que estas quedan temporalmente suspendidas durante os anos que dura a Guerra Civil, volvéndose a reiniciar pouco tempo despois.

As Escolas Superiores de Belas Artes reorganizáanse, por Decreto de 30 de xullo de 1940, e a partir deste momento esixiranlle ao alumnado que queira estudar nelas un diploma

Clase de modelado do natural e composición

cortesía da Real Academia de BBAA de San Fernando



de cursos realizados nalgúns dos centros de artes e oficios ou someterse a un exame de debuxo, ademais de ter aprobados os tres primeiros cursos de bacharelato; un ano despois a Deputación de Lugo só lles concederá pensións ás persoas aspirantes que tiveran aprobado o exame de ingreso na Escola de San Fernando de Madrid.

Nas bases de bolsas publicadas no *Boletín da Provincia*, do ano 1951, auméntase a súa duración a tantas anualidades coma cursos académicos comprendan os estudos para seguir e esíxese que o alumnado teña aprobado todo o curso anterior para concederlle nova

prórroga; un ano despois introdúcese nas bases que en igualdade de oportunidades terán vantaxe os fillos e fillas das persoas funcionarias da Deputación de Lugo.

Ademais, por primeira vez, as persoas aspirantes someteranse a un exame ante un tribunal de recoñecido prestixio nas artes, designado pola Comisión de Educación, que consistiría nun exercicio práctico de debuxo de estatua, unha pintura ao óleo dunha natureza morta, un apuntamento rápido a lapis simple e para a bolsa de escultura, un modelado en barro dunha cabeza e un exercicio escrito sobre unha cuestión elemental de teoría da arte.

Dende 1953, a Deputación tomará o acordo de non conceder máis bolsas a estudantes mentres non mostrasen aprobado o exame de ingreso na citada escola, feito que se produciu en máis dunha ocasión.

A última pensión que concede a Deputación de Lugo, para realizar estudos artísticos, será no ano 1961.

**María Quiroga Figueroa**  
Comisaria da exposición